

## Xabier López e Antonio Fraga, premios Xerais de Novela e Merlín 2013

► Os galardóns foron entregados nun acto que se celebrou onte na Illa de San Simón

PONTEVEDRA. O xurado da XXX edición do Premio Xerais de Novela acordou por maioría declarar como gañadora a obra 'Cadeas', do escritor Xabier López López; mentres que 'O castaño de abril', do enxeñeiro Antonio Fraga Allegue, foi a galardoada co XXVIII Premio Merlín de Literatura Infantil.

Os galardóns foron outorgados onte nun acto celebrado na Illa de San Simón no que participaron unhas 300 persoas, entre as que se atopaban, entre outros, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e o o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez.

En concreto, o XXX Premio Xerais de Novela, dotado con 15.000 euros, recaeu no escritor Xabier López López, despois de que o xurado analizase as 41 obras presentadas, das que escolleu como finalistas aquelas baixo os lemas 'Amor en alpagatas', 'Bela Czarda' e 'Cadeas'.

O xurado destacou que 'Ca-



Antonio Fraga e Xabier López, onte na Illa de San Simón.

deas' «é unha novela de novelas, un baúl de historias que denotan, ante todo, unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear e imaxinar».

A obra iníciase cando un escritor atopa na praia a unha muller nova que le unha novela súa. Establécese entre ambos unha curiosa e incómoda relación que conduce a un debate sobre a identidade do que é ou non é hoxe unha novela e a súa construción.

Ao coñecer a súa condición de

premiado, Xabier López López mostrou a súa «inmensa satisfacción» por ver o seu nome «emparelado» co do premio Xerais.

O autor define a súa obra como

As obras gañadoras levan por títulos 'Cadeas' e 'O castaño de abril' e teñen unha dotación de 15.000 e 10.000 euros

«a máis arriscada e ambiciosa dende 'Doutor Deus'», publicada en 1999.

Xabier López López (Bergondo, 1974) é licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña, aínda que se adica profesionalmente á escritura con especial atención á narrativa.

**LITERATURA INFANTIL.** Pola súa banda, o xurado da XXVIII edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, dotado con 10.000 euros e no que concorreron 39 obras, acordou por unanimidade declarar como gañadora a obra presentada baixo o lema 'Sochantre de Pontivy', de Antonio Fraga Allegue e corresponde ao título de 'O castaño de abril'.

Antonio Fraga destacou que 'O castaño de abril' «non é unha historia condescendente cos seus personaxes, non adoza as duras circunstancias que a estes lles toca vivir, senón que intenta subliñar a dignidade coa que os máis débiles afrontan as situacións máis difíciles».